

Predición Xeral para Galicia

xoves, 21 outubro


Última actualización: 21/10/2021 09:00



Mañá*



Tarde*



Noite*

Comentario

O xoves iranse retirando os ventos do sur e co avance do día irá entrando o norte que traerá unha masa de aire máis fría. Así, os ceos alternarán nubes e claros, con chuvascos máis probables na metade norte. As temperaturas sufrirán un moderado descenso. O vento soprará frouxo en xeral, do suroeste a primeiras horas, rolando progresivamente e rematando o día de compoñente norte.

Temperaturas


	MÍN	MÁX
A Coruña	14 °	18 °
Ferrol	11 °	19 °
Lugo	9 °	16 °
Ourense	13 °	20 °
Pontevedra	14 °	19 °
Santiago de Compostela	10 °	16 °
Vigo	14 °	19 °

Tendencia:  
 MIN MAX


venres, 22 outubro



Mañá*



Tarde*



Noite*

Comentario


Para o venres agárdase influencia anticiclónica transitoria sobre Galicia. Con esta situación, haberá bancos de néboa matinais en zonas de interior, que darán paso a ceos con alternancia de nubes e claros pola mañá, máis despexados pola tarde. As temperaturas mínimas non terán cambios, mentres que as máximas experimentarán un lixeiro ascenso. Os ventos soprarán do nordés, moderados na costa e frouxos no interior.

Temperaturas

	MÍN	MÁX
A Coruña	11 °	18 °
Ferrol	10 °	19 °
Lugo	9 °	15 °
Ourense	9 °	21 °
Pontevedra	12 °	21 °
Santiago de Compostela	10 °	16 °
Vigo	11 °	22 °

Tendencia:  
 MIN MAX


sábado, 23 outubro



Mañá*



Tarde*



Noite*

Comentario

O sábado Galicia manterá a influencia das altas presións con vento de compoñente sur. Así, os ceos permanecerán pouco nubrados ou despexados, con algún intervalo de nubes de tipo alto. As temperaturas descenderán lixeiramente. O vento soprará frouxo de compoñente sur.

Temperaturas

	MÍN	MÁX
A Coruña	9 °	20 °
Ferrol	9 °	20 °
Lugo	6 °	18 °
Ourense	9 °	21 °
Pontevedra	12 °	19 °
Santiago de Compostela	9 °	17 °
Vigo	13 °	20 °

Tendencia:  
 MIN MAX


domingo, 24 outubro



Mañá*



Tarde*



Noite*

Comentario

Unha fronte afectará a Galicia durante este día, traendo consigo un aumento de nubes e chuvias que comezarán polo noroeste da Comunidade. As temperaturas mínimas experimentarán un lixeiro ascenso, manténdose as máximas sen cambios. Os ventos soprarán do sudoeste, moderados na costa e máis frouxos no interior.

Temperaturas

	MÍN	MÁX
A Coruña	12 °	19 °
Ferrol	13 °	20 °
Lugo	7 °	15 °
Ourense	9 °	20 °
Pontevedra	13 °	18 °
Santiago de Compostela	10 °	17 °
Vigo	14 °	19 °

Tendencia:  
 MIN MAX

Lenda estado do ceo



Lenda vento



VAR Vento feble e dirección variable

Nota

* Os intervalos horarios:

Mañá: das 7 ás 14 h. en horario de inverno e das 6 ás 14 h. en horario de verán.

Tarde: das 14 ás 20 h. en horario de inverno e das 14 ás 21 h. en horario de verán.

Noite: das 20 ás 7 h. do día seguinte en horario de inverno e das 21 ás 6 h. do día seguinte en horario de verán.